



Creación


**A
M O R T E
T A M É N
M O R R E**


Tsvetanka Elenkova

As feridas da liberdade

Alguns mercan correas para cans, desas de pel dun longo determinado. Outros prefírenas automáticas. Sóltalo para que corra ás ceibas, mais cando ti o decides, tiras del. Eu púxeno en liberdade. Porén, dende que liscou e logo volveu, dúas ou tres veces, cuberto de feridas, déixoo

ceibo pero só no meu patio. O meu can ouvéalles aos esquíos, e de noite, á lúa. Cando amoreamos leña a carón do valado, gabea e salta por riba dela. E volta de novo ferido. Até que decidín mantelo atado cunha cadea. Para que así non se fira o meu can.





Hai vida na morte I

Miña nai xa non me oe porque é moi vella. Unha pel morta cubre por enteiro o seu corpo. Como as serpes, antes de mudar a antiga. Aínda que lle fendeses un cortador de uñas, e a queimases con ácido salicílico, nada sente malia todo. Fica sentada enriba dunha pedra, moi soa, sen agardar por ninguén. Os seus pés descalzos, cubertos de calosidades por zapatos algunha vez incómodos. Manchas nos seus brazos, no seu rostro (puideran ser branquias). Xa miña nai dificilmente respira na terra, case non alenta. Cambia a venda sobre os calos, mais estes medran cara a dentro. Con todo, continúan medrando. *Un punto negro no morto.*

Hai vida na morte II

Igual que no outono caen as follas, alguén corta as árbores, aliñadas onda a tapia, alguén prende o lar e mantén ardendo as achas, máis tarde limpa a cinza: só algunhas brasas nas que están asando patacas; igual que o río arrastra troncos, deses que por casualidade bota fóra da canle e chimpa enriba das pedras; igual que na primavera as follas do outono son diferentes; totalmente secas, uñas quebradizas, gumes que gaduñan; igual que as reliquias dos santos, dos guerreiros tracios no museo: pedra calcaria no cadaleito dun neno; a morte tamén morre.

Baixo as uñas da vítima

A meu pai Stefan Elénkov

Se a pel posúe memoria, como afirman os médicos, iso significa que a casa na que se apoiou a derradeira vez, o mar no que nadou, aínda lembran. Unicamente os meus vestidos non lembran porque os levo á tinturaría ou adoito lavalos. Mais este mar noso, que se encontra así de pechado, de xeito que non arriba ningunha corrente, a parede vertical baixo o alpendre que non acadan a

lavar as choivas, con toda seguridade lembran. Como picos de pelicanos, como chepas de camelos, conservan as lembranzas de días de vixilia. Como as uñas dunha vítima que aínda conservan peluxes da pel do asasino.

O ben e o mal perséguense

Cantos cardíños no mar as cartas dos namorados, cantos amores afogados. Cantas gaivotas co seu apaixonado chiar, gatos na primavera: canta esperanza e amores voltos realidade. Encima da miña cabeza mentres nado. E ao mesmo tempo vexo os seus ventres exactamente como aquela bomba sobre Hiroshima, exactamente como as derramadas por avións caza na Segunda Guerra Mundial, das películas en branco e negro. E ao mesmo tempo caranguexiños virados ventre arriba aos que o mar sacode, coas tenaces recollidas sobre o peito como dun neno durmindo, dun morto.

O sétimo aceno

Cun dedo nos beizos cando non desexas espertar a alguén ou cando aparece o mestre. Coloca un dedo nos beizos cando desexa amansar a escola. Ou sen máis voltas dáche a orde de silencio. Pero intrígame aínda máis ese seu desprenderse, ese afastarse dos labios. Cando acadaches o silencio. Algúns simplemente deixan caer a súa man, outros alóngana, sinalan algo; e logo están aqueles que a manteñen durante un pouco máis nesa posición. E cun redondear nos dedos, un gozo da fatiga do aceno a eles desafeito. Así os reproducían os pintores bizantinos sobre as primeiras iconas. Os santos.

Do libro Sedmiyat zhest (O sétimo aceno), Zaharii Stoyanov-Universidade de Sofía, 2005, e con edición inglesa: The Seventh Gesture, Shearsman Books, 2010.

Colchóns de resortes

Corpos cos seus xemidos de seixo sons o acordeón rompeu quedou tan só o eco e un algo desecado Se polo menos os sacasen á solleira dixeches

Reloxo de area

Semellante á copa dunha árbore frondosa a segunda vida da conífera caída sentamos á sombra recollemos os seus froitos ou facemos unha cabana no alto para contemplar a tempestade ou para soportala sós Sobrepoñémonos á morte de alguén achegado dalgún parente ou incluso dun mesmo e despois as botellas xogueteas de cristal e despois as candeas luces de árbores de Nadal aos que nunca gabeamos

Do libro Izkrivyavane (Tortuosidade), Stigmati, 2011; e con edición inglesa: Crookedness, Tebot Bach, 2013)

Tsvetanka Elenkova (Sofía, Bulgaria, 1968) é autora de catro poemarios e dous volumes de ensaios. Os seus poemas foron traducidos a trece idiomas, e dous dos seus libros apareceron en inglés. Foi unha das fundadoras de *Ah, María*, a primeira revista literaria privada da Bulgaria post-socialista. Editora da escolma *At the End of the World: Contemporary Poetry from Bulgaria*. Traduce ao búlgaro poesía do inglés, grego e galego. É codirectora de Small Stations Press.

O país negro

Estou a viaxar por un país negro a auga nel é ardente o vento abrasa e a presión é tan alta que te esmaga por todos lados: un escafandro Non hai xente agás aqueles a quen temiches algunha vez O medo medra como árbores de gris cortiza e ollos incontábeis un pradairo un freixo un olmo Non hai sitio onde pousar e aínda sendo de día semella noite A terra é negra e non agroma herba Só alguén de botas de goma até o xeonllo anda por todas as partes non espalla sementes senón que as apaña da terra as inservíbeis déixaas coa casca para que pouco e pouco a rebanden o bordo afiado dun papel Nesa terra o papel é para cortarse non para escribir e as feridas son xunco por todas partes entre a auga

Psicoterapia

Escoitaches algunha vez o son dunha pedra ao caere na auga como aquel dos arroases das baleas a unha distancia enorme ou o da miña icona que se desprende da parede e caeu no meu soño Non só os corpos se afunden

*Tanto estes poemas soltos como os pertencentes aos libros *O sétimo aceno* e *Tortuosidade* foron traducidos ao galego por Manuel Rivas Barrós a partir da tradución ao castelán, directa do búlgaro, de Reynol Pérez Vázquez, e foron revisados por Jonathan Dunne, tendo en conta a versión orixinal e a inglesa.



Nas Escolas Graduados de Vilalba, na aula de don Félix, se cadra a 1956. O xersei, unha vestua de la anorela e granate, colcatou-o a miña nai.

Agustín Fernández Paz

Mozo no tempo de Gagarin, naceu en 1947 en Vilalba e hai ben anos que se instalou en Vigo. É autor, a tal hora, de máis de 45 títulos, a inmensa maioría publicados en coleccións dirixidas ao público infantoxuvenil, e un escritores máis populares e premiados da literatura galega contemporánea.




Na alameda de Vilalba, nas festas de San Ramón de 1955. Estou o tío Roca e algúns curmáns. O de detrás, sentado na pedra, é o meu irmao dúo, un artista.



Immaculada Reino e nai, en cosuino en xullo de 1976, na Coruña.



Na talleres de Universidade Laboral de Gijón, ano 1968. Traballando no torno. Na U.L. estiven sete anos, saín de alí co título de Técnico Industrial Mecánico.



Ano 1977. A miña dona e veir en daum clase en Gernika. Ese ano, a vila conmemora o 40º aniversario do bombardeo. Estou diante dunha reprodución do "Guernica" de Picasso.



1977, Gernika. Inmenselela e veir en estamos diante da Casa de Xusto; no interior está a árbore de Gernika, o caballo que é un símbolo para os vascos.



Na praia de Seselle, en Ares. Quizais no verán de 1986. Xogo de fútbol coa miña filla Mariña.



Un día feliz de 2008. Estou con Inmenselela e co dous persoas moi amigas: Manuel Bragado e Calia Torres.



Facendo orellas, para o libro "Cocinando co pé da letra", de Yolanda Costas e Andrea Costas. Foi miña nai quen me aprendeu a facelas ben.



No 2009, a AELG outorgoume a "Letra E.O escrita na rúa Tena". Aquí estou botándolle Tena á adiveira que plantamos ese día.



Con xente amiga, nun xantar. Estou co Peco Martín e Xabier P. DoCampo, dos membros da Xeración de Atopea, e co M^o Jesús Gil.

Un día feliz, en Barcelona. Estou con Inma e coa miña filla Mariña, tras a defensa da súa tese de doutoramento na Universitat Pompeu Fabra.

